



RESOLUCIÓN POLA QUE SE ACORDA A CONTINUACIÓN DA TRAMITACIÓN DE DETERMINADOS EXPEDIENTES DE SUBVENCÍONS

De acordo co previsto nos acordos do Consello da Xunta do 3 de abril de 2020 (DOG núm. 69 bis do día 8 de abril de 2020), sobre iniciación, continuación e aprobación de expedientes de contratación e de subvencións; de continuación de procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións que estivesen en tramitación no momento de entrada en vigor do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19; e sobre continuación da execución de contratos celebrados polo sector público autonómico,

esta Secretaría Xeral Resolve, logo da autorización do Consello da Xunta do 24 de abril,

1º.- Proposta de continuación dos expedientes unha vez que estea completada a súa tramitación interna

- **Convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as Agrupacións deportivas escolares para a práctica e o desenvolvemento da actividade deportiva en idade escolar (180.000€/31 agrupacións deportivas escolares).**

O Estatuto de Autonomía de Galicia recolle, no seu artigo 27.22, a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción do deporte. Neste senso a Lei 3/2012 establece a consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das especiais funcións que, para o individuo e a sociedade, posúe (art. 3.a), e en consecuencia resulta indispensable para a protección do interese xeral o mantemento dos convenios de colaboración entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as Agrupacións deportivas escolares para o desenvolvemento do programa de deporte en idade escolar, tendo en conta que son as entidades que organizan e desenvolven o programa Xogade (130.000 deportistas).

31 agrupacións deportivas escolares. Importe promedio de cada convenio: 5.806,45€; axuda máis elevada: 15.594,07€.

- **Convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Unión de Federacións Deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actuacións de formación, asesoramento e apoio ás Federacións Deportivas de Galicia (25.000€).**





A continuación coa tramitación do expediente motívase pola súa vinculación ao desenvolvemento de programas de formación e apoio ás Federacións Deportivas de Galicia, entre as que se inclúen actuacións de formación da Escola do Deporte Galego (formación do bloque común de nivel I para 200 técnicos).

2º.- Proposta de resolución motivada pola que se acorda a continuación de procedementos xa iniciados cara á concesión de subvencións

- **Resolución do 16 de decembro de 2019, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PR945C).**

A Lei 3/2012 establece a consideración do deporte como actividade de interese público, co recoñecemento das especiais funcións que, para o individuo e a sociedade, posúe (art. 3.a), e en consecuencia resulta indispensable para a protección do interese xeral a continuación da tramitación para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, tendo en conta a súa vinculación co mantemento do tecido deportivo Galego.

O prazo de presentación de solicitudes rematou o 10 de febreiro de 2020.

1.023 beneficiarios en 2019, promedio da axuda: 1.876,83€; importe da axuda máis elevada: 8.103,91€

- **Resolución do 3 de xaneiro de 2020, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento PR949A).**

A continuación coa tramitación desta convocatoria de subvencións para a adquisición de equipamentos deportivos resulta imprescindible para garantir a práctica deportiva a través dunha serie de equipamentos deportivos que faciliten e melloren as condicións en que os deportistas desenvolven a súa modalidade ou especialidade. Trátase dun sistema de axudas públicas dedicadas á adquisición de equipamentos co fin de contribuír á modernización e actualización do material deportivo necesario para o adecuado exercicio da práctica deportiva de que dispoñen as citadas entidades, así como garantir o desenvolvemento da actividade deportiva de xeito seguro.





O prazo de presentación de solicitudes rematou o 24 de febreiro de 2020, presentándose 789 solicitudes.

Por todo o anterior, RESOLVO o levantamento da suspensión dos prazos e a continuación dos referidos expedientes.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

(documento asinado dixitalmente)

